

RESOLUCIÓN reitoral do 13 de febreiro pola que se publica a convocatoria de participación no Programa de Acompañamento Psicológico ao estudiantado da Universidade de Vigo en virtude de convenio co Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas do ano 2026

A Universidade de Vigo desenvolveu no ano 2025 un programa piloto de Acompañamento Psicológico ao estudiantado en virtude dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e as tres universidades públicas galegas.

A saúde mental na xuventude continúa a ser un tema cada vez máis relevante e fonte de preocupación, tanto para as familias coma para as administracións públicas e educativas, neste ano 2026 as entidades antes citadas queren seguir a promover unha conciencia sobre as alteracións e malestares derivados da experiencia académica que afectan á saúde mental.

Polo que, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Aprobar as bases de acceso á convocatoria de participación no Programa de Acompañamento Psicológico (PAP) ao estudiantado da Universidade de Vigo.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo



BASES que regulan a participación no Programa de Acompañamento Psicológico (PAP) ao estudiantado da Universidade de Vigo en virtude de convenio co Servizo Galego de Saúde e as tres universidades públicas galegas do ano 2026.

1. Obxectivo da convocatoria e natureza do programa

A convocatoria ten por finalidade regular a participación do estudiantado da Universidade de Vigo con dificultades derivadas das actividades académicas no Programa de Acompañamento Psicológico, de conformidade co establecido no protocolo de dito programa asinado polas tres universidades públicas galegas coa Xunta de Galicia.

Trátase dun programa de acompañamento psicológico breve, non dun servizo prolongado de asistencia nin un recurso de psicoterapia especializada. A intervención está limitada no tempo e o número de sesións será de 3, podendo chegar a ser de 5 en casos excepcionais así apreciados polas persoas profesionais.

2. Actividades excluídas

Quedan excluídas desta convocatoria as solicitudes que se realicen para a inclusión no Programa de Integración de Universitarias/os con Necesidades Especiais (PIUNE), programa que conta cunha normativa e procedemento propios.

3. Requisitos das persoas solicitantes

A persoa solicitante, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, deberá cumprir e manter ata a finalización da presente campaña, os seguintes requisitos:

- Ser estudante dun grao da Universidade de Vigo con matrícula no curso actual 2025/2026 de primeiro curso ou en momentos académicos críticos (TFG, prácticas).
- Precisar apoio psicológico por problemáticas derivadas directa e estritamente da súa actividade académica.

4. Número de prazas ofertadas e solicitudes

- Prazas ofertadas:

O número de prazas ofertas para o conxunto dos tres campus é de 55.

- Orde de tramitación da solicitude: por rigorosa orde de inscrición.

- Prazo de solicitudes: dende o día da publicación da convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo ata o **26 de febreiro de 2026**, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

- Inscrición: a persoa solicitante deberá cumprimentar o formulario de participación ao que se accede na seguinte ligazón: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14904.



Unha vez avaliada a solicitude, remitirase unha mensaxe por correo electrónico coa aceptación ou denegación da inclusión na presente convocatoria.

A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

O procedemento de acceso establecido é o indicado no Anexo.

5. Obrigas das persoas admitidas

As persoas admitidas na presente convocatoria que sexan convocadas para realizar valoración inicial terán a obriga de asistencia na data e horario acordados, as cancelacións, por causas sobrevidas convenientemente xustificadas, terán que notificarse cunha antelación de dous (2) días naturais.

O non cumprimento desta obriga suporá a exclusión automática deste programa

Tratamento de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de organizar e xestionar os obradoiros, e amparados por esta convocatoria.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor



da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente á persoa Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO

Procedemento de acceso ao PAP 2026

Solicitud

O acceso realízase mediante unha solicitude online unificada, dispoñible na web institucional da Universidade de Vigo que corresponde cun formulario de encadre, cuxa finalidade é verificar:

- a condición de estudante de grao,
- a vinculación do malestar coa experiencia universitaria.

Este formulario non constitúe unha avaliación clínica.

Valoración de encadre

As solicitudes serán revisadas polo equipo do programa.

As demandas que non se axusten aos criterios do PAP-UVigo serán excluídas, ofrecendo orientación a recursos alternativos cando sexa posible.

Primeira sesión: cribado clínico e valoración inicial

A primeira sesión terá carácter de avaliación clínica breve e será realizada por persoal propio do programa. Inclúe:

- entrevista clínica inicial,
- delimitación da demanda,
- aplicación dos instrumentos de cribado clínico

Esta sesión permitirá:

- confirmar a adecuación ao programa,
- valorar a intensidade do malestar,
- detectar sinais de alerta,
- decidir a modalidade de atención máis axeitada.

Asignación da modalidade de atención

Tras a primeira sesión, asignarase a modalidade de intervención segundo criterios clínicos e organizativos.

Modalidades dispoñibles:

- Atención online (modalidade preferente).
- Atención presencial.
- Atención grupal, sempre tras valoración individual previa.

A asignación poderá revisarse ao longo do proceso segundo a evolución do/a estudante.

